

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO PINO PARA A CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL DE ACCESO DE PEREGRINOS AO ALBERGUE DO PEDROUZO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Pino o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello do Pino para a creación dunha senda peonil de acceso de peregrinos ao albergue do Pedrouzo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do 2 produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de



colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a *"información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local"*.

Terceiro.- O Concello do Pino no seu propósito de fomentar as actividades turísticas e culturais, como un importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, está a promover todos aqueles aspectos e actuacións que faciliten o acceso de todos os veciños e visitantes a aquelas zonas que pola súa importancia turística merecen ser visitadas.

O Pino é o municipio galego que conta con máis quilómetros do Camiño Francés a Santiago de Compostela, concretamente dezaoto, que atravesan as parroquias de San Breixo de Ferreiros, San Miguel de Cerceda, Santa Eulalia de Arca, San Miguel de Pereira e Santa María de Castrofeito. Comeza o percorrido pola parroquia de San Breixo, nos lugares de Calzada e Calle, e avanza ata as proximidades do aeroporto de Lavacolla, xa no Concello de Santiago de Compostela, meta do Camiño.

Isto xunto coa importancia que dende este concello se lle da á recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio turístico, arqueolóxico e cultural local fai que unha das prioridades sexa a de cumprir cos principios de calidade e accesibilidade en todos eses destinos turísticos que dende este concello se pretenden valorizar como fomento do turismo.

Cuarto.- O Concello do Pino pretende levar a cabo o proxecto de creación dun sendeiro pola beira do rego do Burgo, que permita conectar o Camiño de Santiago Francés, ó seu paso polo lugar do Pedrouzo, co albergue existente na marxe esquerda da estrada N-547.



Este novo itinerario peonil permitirá o acceso dos peregrinos ó albergue nunha condicións axeitadas de seguridade, evitando o seu tránsito pola N-547. Ademais, con esta actuación preténdese mellorar a percepción do propio Camiño de Santiago e o seu valor paisaxístico.

O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de Interese Cultural, e Patrimonio da Humanidade e é a ruta mais transitada por peregrinos de tódalas nacionalidades polo que necesita un valor máis alto de protección e atención coa finalidade de presentar a súa mellor cara ao Xacobeo 2021-22.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello do Pino unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

